

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento de prórroga de autorización de ocupación de dominio público portuario (códigos de procedemento IF500B e IF500C).

Antecedentes:

De acordo cos artigos 148.1.6 e 149.1.20 da Constitución española, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.9 que corresponde á Comunidade Autónoma galega, dentro do seu ámbito territorial, a competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral polo Estado, portos de refuxio e portos deportivos, ao mesmo tempo que no seu artigo 28.6 atribúe á propia comunidade autónoma a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableceza, en canto aos portos pesqueiros.

Consonte estas previsións constitucionais e estatutarias, o Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo, e o Decreto do Consello da Xunta de Galicia 167/1982, do 1 de decembro, tramitaron as transferencias á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco de competencias do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, das funcións e servizos relativos a todos os portos e instalacións portuarias, suxeitos ou non a réxime de concesión, non cualificados de interese xeral polo Estado no Real decreto 989/1982, do 14 de maio, e aos de refuxio e deportivos existentes no seu ámbito territorial.

O 14.6.2018 entrou en vigor a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG do 14 de decembro), que derroga a Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

Por outra banda, a prestación dos servizos nos portos relativos á ocupación do dominio público portuario e as súas infraestruturas rexerese polo Regulamento de servizo e policía e pola Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa complementaria, supletoria e de desenvolvemento en materia tributaria, servizos entre os cales se encontran as ocupacións do dominio público, fornecementos e uso de infraestruturas de atracada.



No que respecta ás autorizacións de utilización ou ocupación de dominio público, a Lei 6/2017 no seu artigo 58 distíngue dúas tipoloxías:

a) A utilización das instalacións portuarias polos buques, a pasaxe e as mercadorías, prestación de servizos portuarios e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario, que se rexerá polo establecido nesa lei, na lexislación de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma, no Regulamento de explotación e policía e, de ser o caso, nas ordenanzas portuarias.

b) A ocupación do dominio público portuario con bens mobles ou instalacións desmontables, ou sen eles, por un prazo non superior a 4 anos, que se outorgará de acordo co disposto nesta sección.

A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, conta dentro do seu título III, do dominio público portuario, co capítulo II (utilización do dominio público portuario por Portos de Galicia), e concretamente na sección 2ª regúlanse as clases de autorizacións.

No artigo 57 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, establécese que a utilización do dominio público portuario para usos que teñan especiais circunstancias de exclusividade, intensidade, perigo ou rendibilidade exixirá o outorgamento da correspondente autorización ou concesión.

Excluindo o suposto de concesión que implica ou ben a execución de obras ou ben a necesidade de dispor dun título administrativo cun prazo superior a 4 anos, o presente procedemento reflicte a tramitación administrativa dunha autorización de ocupación de dominio público portuario.

Dentro das clases de autorizacións indicadas, o presente procedemento regula as relectidas na letra b) do artigo 58 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, cuxa tramitación se regula nos artigos 59, 60, 61 e 62. Quedan excluídas do presente procedemento aquelas ocupacións que polas súas características se adxudiquen mediante un proceso de concorrencia pública, as cales disporán dun procedemento específico.

Polo exposto, este procedemento será de aplicación a todas as autorizacións temporais de ocupación de dominio público portuario en portos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia a través do EPE Portos de Galicia.



O Goberno da Xunta de Galicia ten dentro dos seus eixes de actuación impulsar a modernización e a innovación tecnolóxica co obxecto de potenciar a mellora da calidade do servizo ofrecido á cidadanía, convertendo a Xunta de Galicia nun modelo de referencia para o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia en todos os seus ámbitos

Pola súa banda, o artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro) estableceu que as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico deberán contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015), e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen o escenario normativo base para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas e, por tanto, tamén na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

Por todo isto, co obxectivo da simplificación de documentos e trámites, redución de cargas administrativas aos particulares e facilidade de acceso á información e á realización de trámites administrativos, de acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións conferidas no artigo 12.j) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento de solicitude e autorización regúlase segundo as cláusulas incorporadas á presente resolución.

Segundo. Aprobar o procedemento de prórroga da autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento de solicitude de prórroga de autorización regúlase segundo as cláusulas incorporadas á presente resolución.



Terceiro. Abrir o prazo de presentación de solicitudes de ambos os procedementos a partir do día seguinte á publicación no DOG da presente resolución, e queda, por tanto, aberto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase esta resolución segundo o exixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2020

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

Cláusulas que regulan os procedementos

Primeira. *Normativa*

A normativa de aplicación para a autorización de ocupación de dominio público portuario e as súas prorrogas en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia é a seguinte:

- Regulamento de servizo, policía e réxime dos portos adscritos á Comunidade Autónoma.
- Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que recolle o Regulamento do ente público Portos de Galicia.



– Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Ademais, se for o caso, será de aplicación a seguinte normativa:

– Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

– Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de costas.

– Demais normativa de pertinente aplicación.

En todo caso, no suposto de diverxencia entre o presente clausulado e a normativa de aplicación, prevalecerá a normativa vixente.

Segunda. *Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto é establecer o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IF500B), así como a prorroga das ditas autorizacións de ocupación de dominio público portuario, en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IF500C).

Ambos os procedementos serán de aplicación para as ocupacións de dominio público con bens mobles ou instalacións desmontables, ou sen eles, por un prazo non superior a 4 anos, incluídas as posibles prorrogas.

Enténdese por instalación desmontable aquela definida no artigo 51 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Estas son as que:

a) Precisen ao sumo obras puntuais de cimentación, que, en todo caso, non sobresaian do terreo.

b) Estean constituídas por elementos de serie prefabricados, módulos, paneis ou similares, sen elaboración de materiais en obra nin utilización de soldaduras.



c) Se monten e desmonten mediante procesos secuenciais, o seu levantamento pode realizarse sen demolición e o conxunto dos seus elementos é facilmente transportable.

Exclúense do presente procedemento as ocupacións que polas súas características vaian ser seleccionadas mediante concorrencia pública, as cales se rexerán polo seu procedemento específico.

O ámbito de aplicación será calquera dos portos xestionados pola Comunidade Autónoma a través do EPE Portos de Galicia, sempre que non se atopen nun ámbito baixo concesión.

Terceira. *Órgano competente*

A resolución da autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia será competencia do titular da Dirección de Portos de Galicia no caso de autorizacións cuxa vixencia teña un prazo non superior a 2 anos, e da persoa titular da presidencia de Portos de Galicia nos restantes casos.

Non obstante, segundo a Resolución do 15 de maio de 2019, de delegación de competencias do presidente no director xeral e nas xefaturas de zona e do director xeral nos xefes de zona da EPE, publicada no DOG núm. 102, do 31 de maio, a resolución de autorizacións de ocupación de departamentos de usuarios construídos para tal fin, tales como bloques de departamentos para almacenamento de aparellos ou para exportadores, está delegada nos xefes de zona, sexan por vixencia inferior ou superior a 2 anos.

Cuarta. *Prazo de vixencia e condicións das autorizacións de ocupación de dominio público*

Regúlanse mediante o procedemento IF500B as autorizacións de ocupación do dominio público portuario por un prazo non superior a 4 anos, incluídas as prórrogas, con bens mobles ou instalacións desmontables, ou sen eles.

As autorizacións de ocupación de dominio público portuario outorgaranse segundo o modelo de autorización incluído no anexo III, no cal se reflicten as condicións xerais que rexerán a autorización, ás cales se poderán incorporar, ademais, outras condicións particulares segundo as características da actividade, da ocupación, da tramitación do expediente ou por calquera outro motivo se considere oportuno a súa inclusión.



As autorizacións soamente se poderán outorgar para instalacións, usos e actividades permitidas no dominio público portuario, definidas no artigo 55 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, e que sexan compatibles coas determinacións establecidas no Plan especial de ordenación do porto (PEOP) ou, na súa falta, na delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) e, no caso de existir, co plan director de infraestruturas ou cos usos definidos no citado artigo 55.

Os PEOP e DEUP aprobados e en trámite poden ser consultados no sitio web:

<http://www.portosdegalicia.gal/gl/web/portos-de-galicia/planificación>

As autorizacións outorgaranse con carácter persoal e intransferible *inter vivos*, agás as de ocupación do dominio público que constitúan soporte dunha autorización de verteduras de terra ao mar.

O presente procedemento tamén é aplicable ao exercicio das actividades que implican a instalación de medios mecánicos (guindastres, básculas, cintas e outros), os cales teñen a necesidade de contar co correspondente título de ocupación do dominio público portuario. Neste caso a autorización de medios mecánicos tramitarase conxuntamente co título de ocupación achegando a documentación específica na cláusula novena e resolverase nun único expediente de autorización de ocupación de dominio público portuario.

Quedan excluídos deste procedemento a utilización das instalacións portuarias polos buques, a pasaxe e as mercadorías, a prestación de servizos portuarios e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario, definidas na letra a) do artigo 58 da Lei 6/2017, de portos de Galicia. As ocupacións derivadas desta utilización considéranse ocupacións eventuais de escasa duración que van ser reguladas directamente por aplicación da tarifa E-2 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e por un procedemento específico, as cales de xeito orientativo e non limitativo son as seguintes:

- Caseta portátil para punto de información, venda de billetes de pasaxe, vixilancia, control, servizo de instalacións portuarias por período inferior a un ano.
- Ocupación de parcela para depósito de material náutico deportivo por un período inferior a un ano.
- Parcela para depósito descuberto de redes, maquinaria, material portuario, aparellos, etc., por período inferior a un ano.



- Ocupación de parcela ou edificación para abasto de mercadorías expedidas por vía marítima previa ou posteriormente ao seu embarque ou desembarque, por período inferior a un ano.

- Realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Ocupación de terraza vinculada a local de hostalería de tempada.
- Ocupación para mercado ambulante ao aire libre.

Quinta. Iniciación do procedemento de outorgamento

Segundo o disposto no artigo 60 da Lei 6/2017, o procedemento para o outorgamento das autorizacións previstas nesta sección poderase iniciar por solicitude da persoa interesada, empregando o procedemento IF500B, regulado na presente resolución, formulario do anexo I.

Non obstante, sempre que por calquera causa se encontre limitado o número de autorizacións, acudirase á convocatoria dun concurso para o efecto, polo que a presentación simultánea dunha mesma solicitude de ocupación poderá derivar na convocatoria dun concurso público de selección de ofertas, logo da desestimación das solicitudes presentadas.

Non se admitirán as solicitudes que se opoñan de maneira notoria ao disposto no plan director de infraestruturas, no plan especial de ordenación do porto (PEOP), na delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) ou na normativa vixente, que se archivarán no prazo máximo de 2 meses sen máis trámite que a audiencia previa á persoa solicitante.

Sexta. Prórroga das autorizacións de dominio público portuario

As autorizacións que se outorguen por un prazo inferior a 4 anos poderán ser expresamente prorrogadas, agás que no propio título se estableza expresamente o contrario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a suma do prazo inicial unido ao da prórroga ou das prórrogas non exceda o prazo máximo de 4 anos.
- b) Que a persoa titular estea ao día no cumprimento da totalidade das obrigas derivadas da autorización.



Para solicitar a prórroga dunha autorización deberá presentarse solicitude de prórroga ao menos 15 días antes do seu vencemento, empregando o procedemento IF500C regulado na presente resolución, formulario do anexo II.

Para poder prorrogar a autorización o solicitante deberá atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Sétima. Entidades solicitantes

Poderán formalizar a solicitude persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica públicas ou privadas, así como os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

Oitava. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes é a partir do día seguinte á publicación no DOG da presente resolución. O prazo de presentación quedará aberto.

Novena. Tramitación da solicitude

Recibida a solicitude de autorización ou de prórroga e a documentación anexa, Portos de Galicia analizará o cumprimento da normativa aplicable para os efectos da autorización



de ocupación de dominio público e a existencia de dispoñibilidade para as características da actividade e ocupación solicitada, e requirirá, cando proceda, os solicitantes para a súa emenda.

Portos de Galicia examinará a solicitude e, se non reúne os requisitos ou non vai acompañada dos documentos exixidos, requirirá o interesado para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer se terá por desistido da súa solicitude.

Entenderase que se desiste da solicitude cando non o solicitante non atenda ao requirimento de emenda da documentación realizado por Portos de Galicia no prazo establecido para iso.

A solicitude presentada realizarase para un porto e actividade en concreto indicando no modelo de solicitude a localización da parcela, inmovible ou instalación que se solicita.

Se o solicitante desexa obter autorización para varios portos, deberá formalizar solicitudes independentes.

Décima. *Documentación complementaria para o procedemento IF500B*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Modelo de presentación, anexo I, debidamente cuberto. O dito modelo está á disposición dos solicitantes na sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento IF500B.

– Para a ocupación de departamento para aparellos de pesca ou acuicultura:

- Para buques pesqueiros/marisqueiros: certificado/s de vendas en lonxa/s dos tres últimos anos naturais enteiros emitido pola/s confraría/s ou pola/s entidade/s xestora/s da/das lonxa/s asociado/s ao solicitante.

- Para buques do sector da acuicultura: certificación relativa ao volume de mexillón descargado nos últimos tres anos naturais enteiros.

- Marisqueo a pé: certificación/s das vendas en lonxa/s dos tres últimos anos naturais, emitido/s pola/s confraría/s ou pola/s entidade/s xestora/s da/s lonxa/s, relativos ao mariscador.



– Para a ocupación de departamento para exportación de produtos da lonxa:

- Certificación/s das compras en lonxa/s dos tres últimos anos naturais enteiros emitido/s pola confraría/s ou pola/s entidade/s xestora/s da/s lonxa/s asociado/s ao solicitante.

– Para solicitudes de ocupación para outros usos diferentes aos de almacén de aparellos de pesca ou exportación:

- Memoria detallada da actividade que, de ser o caso, inclúa un estudo económico-financieiro da actividade que se vai desenvolver na autorización de ocupación de dominio público na totalidade do prazo solicitado, que deberá conter de xeito adaptado á solicitude a relación detallada e xustificada dos ingresos e gastos anuais estimados durante o prazo de vixencia da autorización e avaliación da rendibilidade bruta e neta.

- Documento técnico descritivo, con suficiente detalle, das instalacións, incluíndo documentación gráfica indicativa e fotografías de cada un dos citados elementos, no suposto de que a ocupación leve unida a colocación de instalacións desmontables, equipamentos ou medios mecánicos.

- Documentación técnica que describa a instalación da acometida de subministración de enerxía eléctrica e/ou auga necesaria, agás que esta instalación xa estea dispoñible ou non se precise.

- Análise de riscos da actividade e medidas de mitigación, tanto en materia de seguridade como de ambiente.

- Plano de localización da parcela ou local que se solicita en autorización referenciado en coordenadas UTM. No caso de que a autorización implique a colocación de instalacións desmontables, instalacións de equipamentos ou medios mecánicos, deberase indicar a súa localización.

– En xeral para persoas xurídicas e sen personalidade xurídica:

- Escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro pertinente. Non é necesario se o solicitante é unha Administración pública.

- Poder de representación outorgado a favor do solicitante debidamente verificada a súa suficiencia, e inscrito, se é o caso, no rexistro pertinente, agás que a representación se deduza dos documentos anteriormente citados.



– Portos de Galicia poderá requirir outra documentación complementaria se a considera necesaria e a súa exigencia está xustificada por razón imperiosa de interese xeral.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recollidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada,

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Décimo primeira. *Documentación complementaria solicitude de prorrogas, procedemento IF500C*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

– Modelo de presentación do anexo II, debidamente cuberto, unicamente para tramitación de prórrogas de autorizacións xa outorgadas. O dito modelo está á disposición dos solicitantes na sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento IF500C.

– Para a ocupación de departamento para aparellos de pesca ou acuicultura:

- Para buques pesqueiros/marisqueiros: certificado/s de vendas en lonxa/s dos dous últimos anos naturais emitido/s pola/s confraría/s ou pola/s entidade/s xestora/s da/s lonxa/s asociado/s ao solicitante.

- Para buques do sector da acuicultura: certificación relativa ao volume de mexillón descargado nos dous últimos anos naturais enteiros.

- Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa/s dos dous últimos anos naturais, emitido/s pola/s confraría/s ou pola/s entidades xestora/s da/s lonxa/s, relativo/s ao mariscador.

– Para a ocupación de departamento para exportación de produtos da lonxa:

- Certificación/s das compras en lonxa/s dos dous últimos anos naturais emitidas pola/ confraría/s ou pola/s entidade/s xestora/s da/s lonxa/s asociadas ao solicitante.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recollidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. *Comprobación de datos procedemento IF500B*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIF da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) Imposto actividades económicas.
- e) Certificado de domicilio fiscal.
- f) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.



g) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

h) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo terceira. *Comprobación de datos do procedemento IF500C*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

b) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

c) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Décimo cuarta. Resolución da solicitude

1. Recibidas as solicitudes, e unha vez analizada a documentación achegada, a adaptación da solicitude á normativa vixente, a planificación portuaria existente, PEOP e/ou DEUP, o cumprimento dos requisitos ao presente procedemento e calquera outro condicionante, tramitarase segundo o previsto do artigo 62 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, e resolverase a solicitude autorizándoa ou denegándoa.

2. Segundo o disposto no artigo 62.4 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, o prazo máximo para resolver o expediente será de tres (3) meses. Transcorrido este sen que se dite resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada.

3. Considerando o prazo de vixencia da autorización, será resolta polo titular da dirección xeral ou polo titular da presidencia de Portos de Galicia, agás que pola súa tipoloxía estea delegada na xefatura de zona, segundo o disposto na cláusula cuarta do presente procedemento.

4. Nas solicitudes de prorroga de autorizacións de ocupación de dominio público, comprobado o cumprimento do título vixente, adaptación ao planeamento, así como os requisitos indicados na condición sexta, serán prorrogadas sen máis trámite.

Décimo quinta. Aboamento das taxas portuarias

A persoa titular da autorización deberá aboar a taxa portuaria vixente en cada momento aplicable pola utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público e a taxa polo exercicio de actividades comerciais industriais e de servizos, incluídas na Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas taxas serán fixadas na autorización en función da ocupación e da actividade desenvolvida.

Tamén será de aplicación, nos supostos de que se preste o servizo de fornecementos de auga e electricidade, a taxa E-3- fornecementos da Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras.

Décimo sexta. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para que as persoas interesadas cumpren a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeiradas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo sétima. *Extinción das autorizacións de ocupación de dominio público*

1. As autorizacións extínguense polos seguintes motivos:

a) O vencemento do prazo de outorgamento.

b) A revisión de oficio, nos supostos establecidos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

c) A concorrencia sobrevida na persoa titular dalgunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación básica sobre contratación do sector público.



d) A renuncia da persoa titular, que só poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízo ao dominio público portuario, á axeitada prestación dos servizos públicos portuarios ou a terceiros.

e) O mutuo acordo entre Portos de Galicia e a persoa titular.

f) A disolución ou extinción da sociedade titular, agás nos supostos de fusión ou escisión.

g) A revogación.

h) A caducidade.

i) A extinción da autorización, do permiso ou da licenza de que o título demanial sexa soporte.

j) O falecemento da persoa titular, nos supostos previstos no artigo 77 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, ou a incapacidade sobrevida cando se trate dun titular individual.

k) A desafectación do ben.

2. Revogación da autorización.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente, en calquera momento e sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles con obras ou plans que, aprobados con posterioridade, entorpecen a explotación portuaria ou impiden a utilización do espazo portuario para actividades de maior interese portuario. Corresponderá a Portos de Galicia apreciar as circunstancias anteriores mediante resolución motivada, logo da audiencia da persoa titular da autorización.

3. Caducidade

As autorizacións temporais estarán incursas en caducidade polas causas indicadas no artigo 90 da Lei 6/2017, de portos de Galicia.

a) A falta de pagamento de calquera das taxas xiradas por Portos de Galicia durante un prazo de seis meses.



Para iniciar o expediente de caducidade abondará con que non se efectuase ningún ingreso en período voluntario. Así que se inicie aquel, poderase acordar o seu arquivamento, por unha soa vez no caso de autorizacións para toda a vixencia do título, se antes de ditar a resolución se produce o aboamento íntegro da débeda, incluídos xuros e cargas derivadas do procedemento de constrinximento e se se constitúe a garantía que ao respecto e de maneira discrecional poida fixar Portos de Galicia.

b) A falta de actividade ou de prestación do servizo durante o período establecido no título, que non poderá exceder seis meses, a non ser que a xuízo de Portos de Galicia obedeza a unha causa xustificada.

c) A ocupación do dominio público en máis dun dez por cento sobre o outorgado, sen prexuízo da sanción que poida corresponder pola ocupación non autorizada.

d) O incremento da superficie, do volume ou da altura das obras ou instalacións en máis do dez por cento sobre o proxecto autorizado.

e) O desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.

f) A cesión da autorización no suposto previsto no artigo 59.4 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, sen autorización de Portos de Galicia

g) A transferencia do título de outorgamento sen autorización de Portos de Galicia.

h) A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sen autorización de Portos de Galicia.

i) A falta de reposición do complemento das garantías definitivas ou de explotación, logo do requirimento de Portos de Galicia.

j) O incumprimento do plan de conservación das instalacións.

k) O incumprimento doutras condicións cando a súa inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título do outorgamento ou das determinantes para a adxudicación, se é o caso, do concurso convocado para o seu outorgamento.



Décimo oitava. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Disposición adicional primeira. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o/s modelo/s normalizado/s aplicable/s na tramitación do/s procedemento/s regulado/regulados nesta disposición, poderá/n ser actualizado/s co fin de mantelo/s adaptado/s á normativa vixente. Para estes efectos será suficiente a publicación do/s modelo/s actualizado/s na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará/n permanentemente accesible/s para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Final. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Anexo I. Modelo de presentación solicitude de autorización de ocupación de dominio público, procedemento IF500B.

Anexo II. Modelo de presentación de solicitude de prórroga de autorización ocupación de dominio público, procedemento IF500C.

Anexo III. Prego de condicións xerais polas que se rexerán as autorizacións administrativas de ocupación de dominio público portuario adscrito a Portos de Galicia.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDIMENTO AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO, EN PORTOS DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA | CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IF500B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

| | | | | | | | |
|------------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE | | | | | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | | PRIMEIRO APELIDO | | SEGUNDO APELIDO | | NIF | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| TIPO | NOME DA VÍA | | | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| PARROQUIA | | | | LUGAR | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | | LOCALIDADE | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | | |
| TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | |

| | | | | | | | |
|--|--|----------------------|--|----------------------|--|----------------------|--|
| E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | | | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | | PRIMEIRO APELIDO | | SEGUNDO APELIDO | | NIF | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |

| | | | | | | | |
|--|--|--|--|----------------------|--|--|--|
| DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | | | | | | | |
| Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir: | | | | | | | |
| TELÉFONO MÓBIL | | | | CORREO ELECTRÓNICO | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |

| | | | | | | | |
|---|--|--|--|----------------------|--|--|--|
| CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DA OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO SOLICITADA | | | | | | | |
| PORTO ONDE SE SOLICITA A OCUPACIÓN | | | | <input type="text"/> | | | |
| USOS E ACTIVIDADES ESPECÍFICOS QUE SE DESENVOLVERÁN NO PORTO | | | | <input type="text"/> | | | |
| PRAZO SOLICITADO (MÁXIMO 4 ANOS) | | | | <input type="text"/> | | | |

| | | | | | | | |
|--|--|----------------------|--|---|--|--|--|
| SOLICITUDE OCUPACIÓN DEPARTAMENTO PARA ALMACÉN DE APARELLOS PESCA/ACUICULTURA | | | | | | | |
| DEPARTAMENTO Nº | | | | SUPERFICIE DEPARTAMENTO | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |
| ACTIVIDADE | | | | VENDAS TRES ÚLTIMOS ANOS NATURAIS COMPLETOS | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |
| EMBARCACIÓN | | MATRÍCULA | | PORTO BASE | | | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | | |

| | | | | | | | |
|--|--|--|--|---|--|--|--|
| SOLICITUDE OCUPACIÓN DEPARTAMENTO PARA EXPORTACIÓN DE PRODUCTOS DA LONXA | | | | | | | |
| DEPARTAMENTO Nº | | | | SUPERFICIE DEPARTAMENTO | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |
| COMPRAS EN LOS TRES ÚLTIMOS ANOS NATURAIS COMPLETOS NA LONXA DO MESMO PORTO SOLICITADO | | | | COMPRAS NOS TRES ÚLTIMOS ANOS NATURAIS COMPLETOS NA LONXA DOUTRO PORTO DISTINTO DO SOLICITADO | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I
 (continuación)

SOLICITUDE DE OCUPACIÓN PARA OUTROS USOS

USOS E ACTIVIDADES ESPECÍFICOS QUE SE DESENVOLVERÁN NO PORTO

 SUPERFICIE QUE SOLICITA OCUPAR EN TERRA (m²)

 SUPERFICIE QUE SOLICITA NA LÁMINA DE AUGA (m²)

TEN PREVISTO REALIZAR INVESTIMENTOS PARA A ADQUISICIÓN DE BENS MOBLES E/OU INSTALACIÓNS DESMONTABLES

 SI NON

EN CASO AFIRMATIVO INDICAR O IMPORTE SEN IVE:

SOLICÍTASE A OCUCIÓN DE EDIFICACIÓNS PORTUARIAS

 SI NON

EN CASO AFIRMATIVO, DESCRIBIR A EDIFICACIÓN SOLICITADA:

SOLICÍTASE A INSTALACIÓN DE BENS MOBLES OU INSTALACIÓNS DESMONTABLES

 SI NON

EN CASO AFIRMATIVO, DESCRIBIR AS CARACTERÍSTICAS DOS BENS MOBLES E/OU INSTALACIÓNS DESMONTABLES

SOLICÍTASE A UTILIZACIÓN OU INSTALACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS

 SI NON

EN CASO AFIRMATIVO, INDICAR TIPOLOXÍA/S DO/DOS MEDIO/S MECÁNICO/S QUE SE VAN INCORPORAR NA AUTORIZACIÓN DE OCUPACION DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO:

DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES CONCRETAS QUE SE VAN DESENVOLVER CO MEDIO MECÁNICO:

NÚMERO DE MEDIOS MECÁNICOS:

MEDIOS MECÁNICOS

| MEDIO MECÁNICO NÚMERO | TIPO DE MEDIO MECÁNICO | TITULAR |
|-----------------------|------------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DATOS TÉCNICOS DO MEDIO MECÁNICO

| MARCA | NÚMERO DE SERIE |
|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| ANO DE FABRICACIÓN | TONELAXE | ANO DE POSTA EN SERVIZO |
|----------------------|----------------------|-------------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DATOS DA ÚLTIMA REVISIÓN/MANTEMENTO

PERSOAL HABILITADO PARA OPERAR O MEDIO MECÁNICO

| NOME E APELIDOS | NIF |
|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

FORMACIÓN OU TÍTULO HABILITANTE PARA MANEXAR CO MEDIO MECÁNICO




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que coñece as bases que rexen o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma e as acepta.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e se compromete a notificar inmediatamente a Portos de Galicia, calquera modificación que afecte os datos declarados que se produza con posterioridade á solicitude de autorización.
3. Que está ao día nas obrigas de pagamento coas facendas públicas estatais e autonómica.
4. Que non se atopa en causa de prohibición de contratar coas administracións públicas, segundo os artigos 71 a 73 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
5. Soamente para concellos: declara que a solicitude conta con aprobación plenaria, no suposto de ser preciso en función da normativa aplicable ás administracións públicas.
6. Que dispón de medios humanos habilitados para a manipulación de medios mecánicos, manténdoo durante a vixencia da autorización, no suposto de que a autorización inclúa a manipulación dos ditos medios.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
Para a ocupación de departamento para aparellos de pesca ou acuicultura:

- Para buques pesqueiros/marisqueiros: certificado de vendas en lonxa dos tres últimos anos naturais enteiros emitido pola confraría ou pola entidade xestora da/das lonxa/s asociado ao solicitante.
- Para buques sector acuicultura: certificación relativa ao volume de mexillón descargado nos tres últimos anos naturais enteiros.
- Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos naturais, emitido pola confraría ou pola entidade xestora da/das lonxa/s, relativos ao mariscador.

Para a ocupación de departamento para exportación de produtos da lonxa:

- Certificación/s das compras en lonxa/s dos tres últimos anos naturais enteiros emitido pola/s confraría/s ou pola/s entidad/es xestora/s da/das lonxa/s asociado/s ao solicitante.

Para solicitudes de ocupación para outros usos diferentes aos de almacén de aparellos de pesca ou exportación:

- Memoria detallada da actividade que, de ser o caso, inclúa un estudo económico-financieiro da actividade que se vai desenvolver na autorización de ocupación de dominio público na totalidade do prazo solicitado, que deberá conter de xeito adaptado á solicitude a relación detallada e xustificada dos ingresos e gastos anuais estimados durante o prazo de vixencia da autorización e avaliación da rendibilidade bruta e neta.
- Documento técnico descritivo, con suficiente detalle, das instalacións, incluíndo documentación gráfica identificativa e fotografías de cada un dos citados elementos, no suposto de que a ocupación leve unida a colocación de instalacións desmontables, equipamentos ou medios mecánicos.
- Documentación técnica descritiva da instalación da acometida de subministración de enerxía eléctrica e/ou auga necesaria, agás que esta instalación xa estea dispoñible ou non se precise.
- Análise de riscos da actividade e medidas de mitigación, tanto en materia de seguridade como de ambiente.
- Plano de localización da parcela ou local que se solicita en autorización referenciado en coordenadas UTM. No caso de que a autorización implique a colocación de instalacións desmontables, instalacións de equipamentos ou medios mecánicos, deberase indicar a súa localización.

Para presentar soamente no caso de persoas xurídicas ou sen personalidade xurídica. Non necesario se o solicitante é unha Administración pública:

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|--|--------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> Escritura, documento de constitución, estatutos ou acta fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro pertinente. | | | |
| <input type="checkbox"/> Poder de representación outorgado a favor do solicitante debidamente verificada a súa suficiencia, e inscrito, se é o caso, no rexistro pertinente, excepto que a representación se deduz dos documentos anteriormente citados. | | | |




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

| | | |
|--|--|--|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | | OPÓÑOME Á CONSULTA |
| DNI/NIE da persoa solicitante | | <input type="checkbox"/> |
| DNI/NIE da persoa representante | | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma | | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social | | <input type="checkbox"/> |
| CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | | AUTORIZO A CONSULTA |
| NIF da entidade solicitante | | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |
| Imposto de actividades económicas | | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |
| Certificado de domicilio fiscal | | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |
| Certificado de estar ao día do pagamento de débedas tributarias coa AEAT | | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Mar. EPE Portos de Galicia. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven dela e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Destinatarios dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-general-proteccion-datos |

LEXISLACIÓN APLICABLE


Resolución do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento de prórroga de autorización de ocupación de dominio público portuario (códigos de procedemento IF500B e IF500C).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


 Portos de Galicia de

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kz8o04w6-nlj3-iqo1-s3f5-j2uet7pz2u79


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO II

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO PRÓRROGA DA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO, EN PORTOS DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IF500C | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

| | | | | | | | |
|------------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|--|--|
| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE | | | | | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | |
| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | |
| PARROQUIA | | | | LUGAR | | | |
| <input type="text"/> | | | | <input type="text"/> | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | |
| TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | |

| | | | |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
| E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | |
|--|----------------------|
| DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | |
| Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir: | |
| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | |
|---|----------------------|
| CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DA OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO QUE SE SOLICITA PRORROGAR | |
| PORTO ONDE SE SOLICITA A PRÓRROGA DA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN | <input type="text"/> |
| USOS E ACTIVIDADES ESPECÍFICAS QUE SE VAN DESENVOLVER NO PORTO | <input type="text"/> |
| NO SUPOSTO DE OCUPAR UN LOCAL, INDICAR NÚMERO OU IDENTIFICACIÓN | <input type="text"/> |
| PRAZO PRÓRROGA QUE SE SOLICITA (MÁXIMO 4 ANOS) | <input type="text"/> |
| A AUTORIZACIÓN QUE SE QUERE PRORROGAR FOI SOLICITADA POLO PROCEDEMENTO IF500B | |
| <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON EN CASO AFIRMATIVO INDICAR NÚMERO DE EXPEDIENTE: <input type="text"/> | |
| DENOMINACIÓN TÍTULO ADMINISTRATIVO DO CAL SOLICITA PRÓRROGA | |
| <input type="text"/> | |
| CÓDIGO RESOLUCIÓN | DATA OUTORGAMENTO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| DATA DE VENCEMENTO DA AUTORIZACIÓN | |
| <input type="text"/> | |

| |
|--|
| A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: |
| 1. Que coñece as bases que rexen o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma e que as cumpre, así como as condicións específicas da autorización da cal solicita a prórroga. 2. Que os datos administrativos do solicitante non sufriron variacións desde o outorgamento da autorización da cal se solicita a prórroga. 3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e se compromete a notificar inmediatamente a Portos de Galicia calquera modificación que afecte os datos declarados que se produza con posterioridade á solicitude de autorización. 4. Que está ao día nas obrigas de pagamento coas facendas públicas estatais e autonómica. 5. Que non se atopa en causa de prohibición de contratar coas administracións públicas, segundo os artigos 71 a 73 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. 6. Soamente para concellos: declara que a solicitude conta con aprobación plenaria, no suposto de ser preciso en función da normativa aplicable ás administracións públicas. 7. Que dispón de medios humanos habilitados para a manipulación de medios mecánicos, manténdooos durante a vixencia da autorización, no suposto de que a autorización inclúa a manipulación de medios mecánicos. |

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kz8o04w6-nlj3-iqo1-s3f5-j2uet7pz2u79


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


ANEXO II
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
Para a ocupación de departamento para aparellos de pesca ou acuicultura:

- Para buques pesqueiros/marisqueiros: certificado/s das vendas en lonxa/s dos tres últimos anos naturais enteiros emitido/s pola/s confraría/s ou pola/s entidade/es xestora/s da/das lonxa/s asociado/s ao solicitante
- Para buques sector acuicultura: certificación relativa ao volume de mexillón descargado nos tres últimos anos naturais enteiros
- Marisqueo a pé: certificación/s das vendas en lonxa/s dos tres últimos anos naturais, emitido/s pola/s confraría/s ou pola/s entidade/es xestora/s da/das lonxa/s relativo/s ao mariscador

Para a ocupación de departamento para exportación de produtos da lonxa:

- Certificación/s das compras en lonxa/s dos tres últimos anos naturais enteiros emitido/s pola/s confraría/s ou pola/s entidade/es xestora/s da/das lonxa/s asociado/s ao solicitante

COMPROBACIÓN DE DATOS

| | |
|--|---|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓNOME Á CONSULTA |
| Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social | <input type="checkbox"/> |
| CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA |
| Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Mar. EPE Portos de Galicia. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven dela e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Destinatarios dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-general-proteccion-datos |


LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento de prórroga de autorización de ocupación de dominio público portuario (códigos de procedemento IF500B e IF500C).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


 Portos de Galicia de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora


ANEXO III

Prego de condicións xerais polas que se rexerán as autorizacións administrativas de ocupación de dominio público portuario adscrito a Portos de Galicia

– Fundamento legal.

O presente prego apróbbase ao abeiro da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, e da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás concesións sobre dominio público portuario.

O contido das presentes condicións xerais e das particulares que se establezan é en todo caso complementario e non substitutivo de calquera normativa legal vixente en cada momento que afecte o dominio público portuario e as actividades que nel se desenvolven.

No non disposto no presente prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, de ser o caso, establezan os servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, observárase o disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e, na súa falta, nos preceptos que resulten aplicables da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como do seu regulamento aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, no Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás autorización sobre dominio público portuario.

– Disposicións xerais.

1. A presente autorización administrativa de ocupación de dominio público, que non supón cesión do dominio público portuario nin das facultades dominicais do Estado, outórgase a (titular), tendo por obxecto (obxecto solicitude) no porto de (porto), e outórgase con suxeición ao presente prego de condicións xerais, e, de ser o caso, ao prego de condicións xerais polas que se rexe o desenvolvemento das actividades comerciais, industriais e de



servizos que constitúan o obxecto da autorización, así como polas condicións particulares que, se for o caso, se determinen.

A superficie incluída dentro desta autorización de ocupación de dominio público é a seguinte: (superficie) m².

As obras e instalacións incluídas na autorización de ocupación de dominio público son as seguintes: (superficie construída edificacións).

2. Esta autorización outórgase por un prazo de (prazo), salvo os dereitos preexistentes e sen prexuízo de terceiro. O cómputo deste prazo iniciarase o día seguinte ao da data de notificación ao titular da resolución de outorgamento da autorización.

A presente autorización é prorrogable ata un prazo máximo de (prazo prórroga), agás que se diga o contrario ou se fixe outro prazo nas condicións particulares. Rematado o prazo, a autorización quedará extinguida e o titular desta debe retirar do dominio público ocupado os materiais e instalacións que o ocupen no prazo máximo de quince (15) días contados a partir do seguinte ao da extinción da autorización.

3. O outorgamento desta autorización non exime o seu titular da obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións que sexan legalmente exixibles, nin do pagamento dos impostos que lle sexan de aplicación. Non obstante, cando estes se obteñan con anterioridade á presente, o outorgamento desta autorización non exime o seu titular da obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións que sexan legalmente exixibles nin do pagamento dos impostos que deriven da autorización, a súa eficacia quedará demorada ata que esta sexa outorgada.

4. O titular estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes, ou as que no sucesivo se ditén, que afecten o dominio público portuario ocupado e as obras e actividades que neste dominio público se desenvolven, especialmente as correspondentes a licenzas e prescricións urbanísticas, así como as relativas ás zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as obras que se executen poidan ser obstáculo ao paso para o exercicio da vixilancia litoral nin das demais servidumes públicas que procedan.

5. Serán por conta do titular da autorización os impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e, en particular, estará obrigado a facer fronte á repercusión da parte da cota líquida do imposto de bens inmobles aplicable ao ben demanial ou patrimonial de que o titular da autorización faga uso con motivo da autorización outor-



gada; segundo se establece no artigo 63. 2, segundo parágrafo, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se regula o texto refundido da Lei de facendas locais. Para tal efecto, Portos de Galicia determinará a cota repercutible en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada.

– Conservación das instalacións.

6. O titular queda obrigado a conservar as obras, instalacións e terreos obxecto da autorización en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas.

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos e sinalar as obras de reparación ou conservación que deban realizarse; o titular da autorización queda obrigado a executalas ao seu cargo no prazo que se lle sinale.

O incumprimento desta condición será causa da súa caducidade.

– Taxas e gastos.

7. O titular da autorización aboará a Portos de Galicia, na forma que este acorde, as taxas seguintes:

a) Taxa por ocupación do dominio público portuario, conforme o disposto para a esta taxa no anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 2 de novembro de 2011 pola que se aproban os criterios de cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta taxa aboarase por semestres adiantados a partir da data da notificación do outorgamento da autorización.

No valor da taxa non está incluído o imposto sobre o valor engadido e ao dito valor deben aplicarse os tipos impositivos vixentes en cada momento.

A base sobre a cal se aplica o tipo de gravame establecido para ocupación terreos ou augas do porto actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual



experimentada polo índice xeral dos prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte. No será de aplicación esta actualización anual pola variación do IPC aos valores resultantes pola ocupación de obras e instalacións, os cales permanecerán constantes durante o período concesional agás as posibles revisións sinaladas no parágrafo seguinte.

Asemade, a valoración poderá ser revisada cada cinco anos e, en todo caso, revisarse cada dez anos e sempre que se modifique o valor das obras e instalacións e o valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia (aprobados pola Orde do 2 de novembro de 2011), que se atope afectada pola devandita modificación, ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar o seu valor.

Contía anual da taxa: ver condicións particulares.

b) Taxa por desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e de servizos.

No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación de dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente autorización de ocupación do dominio público e o titular aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme o anexo 3, taxas por servizos profesionais, alínea 99, tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, subalínea 03, tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cota anual da taxa: ver condicións particulares.

Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, a devindicación producirase no momento de notificación do outorgamento da autorización de actividade ou da autorización de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso. Nos anos sucesivos a devindicación producirase o 1 de xaneiro.

No caso de que a taxa se exixa por adiantando, a súa contía calcularase para o primeiro exercicio sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico e de negocio, e nos exercicios sucesivos sobre os datos reais do ano anterior.

Segundo o disposto no artigo 42 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no suposto de que a concesión fose seleccio-



nada por concurso público, o tipo da taxa resultante virá determinada pola suma de dous compoñentes: a porcentaxe vixente no momento da devindicación e a mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a cal se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

No valor da taxa non está incluído o imposto sobre o valor engadido, e deben aplicarse ao dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

Independentemente de que o aboamento das taxas está garantido pola fianza, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobramento o procedemento administrativo de cons-trinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

8. O titular da autorización, e calquera terceiro autorizado e partícipe na explotación da autorización, está obrigado a levar unha contabilidade separada e independente da xestión das instalacións, levando contas separadas con respecto a outras posibles actividades que poida ter noutros ámbitos. Nelas, deberá reflectirse claramente o balance de ingresos e gastos xerados pola actividade obxecto da autorización en calquera momento, Portos de Galicia, poderá esixirle estas contas ou auditalas, así como calquera outra información económica ou fiscal.

9. Se é o caso, os gastos orixinados polo anuncio da resolución de outorgamento da autorización serán á conta do titular da autorización.

10. Os tráxicos portuarios que utilicen as instalacións obxecto da autorización estarán suxeitos ao aboamento a Portos de Galicia das tarifas portuarias vixentes en cada momento, agás a correspondente á ocupación dos bens de dominio público obxecto da autorización.

11. O titular da autorización demanial e/ou das actividades anteriores, deberá subminis-trar a Portos de Galicia, no prazo e na forma que este determine, a información técnica ou económica que lle sexa solicitada no exercicio das súas competencias, e canta documen-tación lle sexa requirida para o cálculo do importe das taxas que sexan aplicables.

A omisión ou o atraso inxustificado da transmisión de datos, a subministración de datos incorrectos, o carácter deficiente da información facilitada ou o seu falseamento probado, ademais de sancionarse de acordo co disposto no capítulo III do título VI da Lei 6/2017, de portos de Galicia, será causa de caducidade da autorización.

CVE-DOG: kz8o04w6-nlj3-3iqo1-s3f5-j2uet7pz2u79



– Uso e explotación.

12. A autorización destinarase exclusivamente a (indicar todas as actividades autorizadas).

O titular non poderá destinar os bens de dominio público concedidos nin as obras neles executadas a usos distintos dos expresados.

13. No prazo dun mes contado desde o día a aquel en que o concesionario teña notificación do outorgamento da autorización, no suposto de que así se estableza nas condicións particulares polas características específicas da actividade que se vai desenvolver, o titular da autorización deberá acreditar na oficina correspondente de Portos de Galicia a consignación na caixa xeral de depósitos da Consellería de Economía e Facenda, á disposición do presidente de Portos de Galicia, dunha garantía de explotación por un importe anual que non poderá ser inferior á metade da totalidade das taxas anuais, incluídos impostos, que o concesionario ten que aboar, nin superior ao importe.

A garantía de explotación responderá de todas as obrigas derivadas da autorización, das sancións que por incumprimento das condicións dela se poidan impoñer ao titular da autorización e dos danos e perdas que tales incumprimentos poidan ocasionar.

A garantía será devolta á extinción da autorización, unha vez realizado o pagamento das liquidacións pendentes, con dedución das cantidades que, se for o caso, deban facerse efectivas en concepto de penalización ou responsabilidades en que teña incorrido o concesionario fronte a Portos de Galicia.

14. O titular da autorización xestionará a súa actividade ao seu risco e ventura. Portos de Galicia en ningún caso será responsable das obrigas contraídas polo titular nin dos danos e prexuízos causados por este a terceiros.

Todo o persoal necesario para a explotación da autorización será por conta e a cargo do titular, que deberá cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de Seguridade Social.

15. A falta de utilización, durante un período de seis (6) meses, agás que nas condicións particulares se indique outro inferior, das instalacións e bens de dominio público concedidos, será motivo de caducidade da autorización, a non ser que obedezca a xusta causa. Corresponde a Portos de Galicia, en cada caso concreto, cualificar as causas alegadas



polo titular para xustificar a falta de uso das obras e bens concedidos. Con este obxecto, o titular da autorización queda obrigado, antes de que transcorran os seis (6) meses, ou se for menor do prazo indicado nas condicións particulares, a poñer en coñecemento de Portos de Galicia as circunstancias que motiven a falta de utilización dos bens concedidos e das instalacións autorizadas. Se Portos de Galicia considera inadecuadas as causas alegadas polo titular, procederase á incoación de expediente de caducidade da autorización.

16. O titular da autorización deberá manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e demais normativa de desenvolvemento, elaborará toda a documentación relativa ás obrigas que lle impón a dita lexislación, documentación que deberán conservar e poñer á disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia, cando esta lle sexa requirida.

A acción preventiva deberá comprender todos os traballos, de calquera natureza, desenvolvidos polo titular nas instalacións autorizadas e, en xeral, na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que correspondan segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva do titular deberá estenderse aos traballos que desenvolvan nas instalacións terceiros que efectúan algún traballo pola súa conta.

O titular da autorización, a fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolvida polo Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, comprométese ao seguinte:

– Recibir e trasladar ao seus traballadores a ficha de información de riscos e medidas preventivas dos portos. O dito documento está á súa disposición na páxina web www.portosdegalicia.com.

– Recibir e trasladar aos seus traballadores as medidas de emerxencia e listas de teléfonos de emerxencias que están á súa disposición e na páxina web www.portosdegalicia.com.

– Acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariais que, se for o caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública.

17. Serán a cargo do concesionario os gastos de electricidade, auga, servizo telefónico, recolla de lixo nas instalacións autorizadas, a vixilancia no ámbito da autorización e calquera outro necesario para o desenvolvemento da actividade e todos os gastos que esta oca-



sione, así como a concesión dos correspondentes servizos, as acometidas e o pagamento dos dereitos correspondentes.

18. As instalacións deberán contar en todo momento cos dispositivos específicos para o tratamento dos residuos de todo tipo xerados polo uso e explotación da instalación e será responsable o concesionario de dispoñer dos medios necesarios dentro do recinto das instalacións autorizadas para o seu depósito e separación, de xeito que se evite a vertedura incontrolada de residuos perigosos ou contaminantes, así como a contaminación ambiental que poida derivar dunha explotación non axeitada.

De ser o caso, isto implicará a responsabilidade na xestión de residuos oleosos, baterías, augas de sentina, de augas residuais procedentes de aseos, instalacións de lavado de depósitos ou de escurramento superficial cumprindo coas normas vixentes nesta materia, incluíndo a de darse de alta como produtor de residuos perigosos e asumindo os gastos derivados da recolla e xestión dos residuos por xestor autorizado deles.

Portos de Galicia non asumirá en ningún caso os custos de recolla e xestión de residuos perigosos provenientes da explotación das instalacións autorizadas.

Cando as instalacións non satisfagan as normas aplicables, o concesionario estará obrigado a realizar, nos prazos que se sinalen, as correccións necesarias ata que, a xuízo da autoridade competente, se cumpran as ditas normas.

En función da tipoloxía dos residuos xerados na instalación ou do seu volume, Portos de Galicia poderá exixir ao titular da autorización que asuma a súa recolla e xestión integral, o cal, se for o caso, será indicado na correspondente condición particular, ou en calquera momento ao longo da vixencia da concesión se for necesario.

No caso de que as augas residuais, previamente tratadas, sexan vertidas ao mar deberá, por parte do concesionario, a correspondente autorización de punto de vertedura.

19. O titular da concesión está obrigado a cumprir coa normativa ambiental vixente, así como coas normas ambientais dispostas por Portos de Galicia ou que se establezan no futuro como consecuencia da política de xestión ambiental de Portos de Galicia.

20. Como requisito previo á autorización de inicio das actividades no suposto de que se manipulen ou se almacenen substancias cualificadas como perigosas segundo a lexislación vixente, o titular da autorización estará obrigado a elaborar e presentar a Portos de Galicia o correspondente Plan de emerxencia interior.



O incumprimento das disposicións establecidas nesta condición 20ª ou nas anteriores 18ª e 19ª, será causa de caducidade da concesión.

21. O titular da autorización que se outorgue en espazos afectos ás axudas á navegación, ou que implique ocupación de lámina de auga, estará obrigado a instalar e manter pola súa conta as axudas á navegación e ao balizamento que lle indique Portos de Galicia. Se for o caso, establecerase unha condición particular que indique as condicións específicas establecidas, que incluírá ao menos as que garantan a eficacia do servizo, a independencia de accesos e as medidas de seguridade.

22. Durante a vixencia da autorización, o titular desta non poderá realizar ningunha modificación ou ampliación das instalacións e bens de dominio público obxecto da autorización sen a autorización previa de Portos de Galicia.

O incumprimento desta condición será causa de caducidade da autorización.

– Extinción da autorización.

23. A autorización, extinguirase polas seguintes causas:

a) Vencemento do prazo de outorgamento.

b) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) A concorrencia sobrevida na persoa titular dalgunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación básica sobre contratación do sector público.

d) Renuncia do concesionario, que só poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízo ao dominio público portuario, á axeitada prestación dos servizos público portuarios ou a terceiros.

e) Mutuo acordo entre Portos de Galicia e a persoa titular da autorización.

f) Disolución ou extinción da sociedade titular, agás nos supostos de fusión ou escisión.

g) Revogación.

h) Caducidade segundo as causas indicadas no artigo 90 da Lei 6/2017, de portos de Galicia.



i) Extinción da autorización, do permiso ou da licenza de que o título demanial sexa soporte.

j) O falecemento da persoa titular, nos supostos previstos no artigo 77, ou a incapacidade sobrevida cando se trate dun concesionario individual

k) A desafectación do ben.

24. Extinguida a autorización, o titular terá dereito a retirar fóra do dominio público e das súas zona de servidume as instalacións correspondentes no prazo máximo de quince (15) días dende o seguinte á extinción da autorización. Así mesmo, estará obrigado a restaurar a realidade física alterada polas instalacións, realizando as obras necesarias para tal fin.

De non levarse a cabo a retirada no prazo sinalado ou a realización das obras pertinentes para deixar as instalacións en condicións axeitadas, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria, pasándolle os correspondentes gastos ao titular da autorización, independentemente das sancións que de acordo coa lexislación vixente en materia de portos se poidan impoñer.

25. No caso de que os terreos de dominio público outorgados en autorización fosen necesarios, total ou parcialmente, para a execución de obras declaradas de utilidade pública ou para o cumprimento de exixencias dos servizos públicos e/ou portuarios, e, para realizar aquelas ou atender estes, for preciso utilizar ou destruír as instalacións ocupadas pola presente autorización, Portos de Galicia poderá ordenar a retirada dos bens do titular depositados na zona autorizada, sen que o interesado teña dereito a indemnización ningunha. Neste caso, o usuario deberá desaloxar o dominio público ocupado no prazo máximo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación da orde de desaloxo.

26. Serán causa de caducidade da autorización os seguintes incumprimentos:

a) A falta de pagamento de calquera das taxas xiradas por Portos de Galicia durante un prazo de seis (6) meses.

Para iniciar o expediente de caducidade será abondo que non se tiver efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivamento, ata un máximo de tres para a toda vixencia do título, se antes de se ditar resolución se produce o aboamento integro da débeda, incluídos xuros e cargas derivadas do procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.



b) Falta de actividade ou de prestación do servizo, durante un período de seis (6) meses, a non ser que, a xuízo de Portos de Galicia, obedeza a causa xustificada. Portos de Galicia poderá establecer un prazo inferior nas condicións particulares.

c) Ocupación do dominio público non autorizado.

d) A execución de calquera obra no ámbito da autorización, agás que polas súas características fosen autorizadas.

e) Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.

f) A cesións a un terceiro do uso total ou parcial da autorización

g) A transmisión da autorización a un terceiro

h) Incumprimento doutras condicións nas cales a inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título de outorgamento ou das determinantes para a adxudicación, se é o caso, do concurso convocado para o seu outorgamento.

Nos casos de infracción grave o moi grave conforme a lexislación aplicable, Portos de Galicia, logo de audiencia do titular, poderá declarar a caducidade da autorización administrativa.

O expediente de caducidade da autorización tramitarase conforme o preceptuado nas disposicións vixentes sobre a materia.

27. Rematada a autorización quedarán extinguidos automaticamente os dereitos reais ou persoais que puideren ter terceiras persoas sobre o dominio público outorgado. Portos de Galicia non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puider ter concertado o titular da autorización para o exercicio da súa actividade empresarial, polo que de ningunha forma poderá entenderse que a desaparición da autorización implica a sucesión de empresa prevista no artigo 44 do texto refundido de Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, nin que Portos de Galicia sexa o empresario principal da actividade realizada polo concesionario, para os efectos do artigo 42 do dito texto refundido.

As normas sinaladas no parágrafo anterior serán igualmente aplicables a todos os supostos de extinción, sen prexuízo de que nos casos de rescate poidan os terceiros interesados exercer as accións que lles correspondan sobre a cantidade que, se for o caso, poida percibir o concesionario como consecuencia da extinción da autorización.



– Sancións.

28. O incumprimento das condicións da autorización, sen prexuízo da súa caducidade, poderá ser constitutiva de infracción e ser sancionada de conformidade coa lexislación vixente na materia.

O titular da autorización poderá ser sempre sancionado polas infraccións que se establecen na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, con independencia doutras responsabilidades que, se for o caso, sexan esixibles.

As infraccións serán sancionadas logo de instrución do oportuno expediente administrativo na forma establecida na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

– Medios mecánicos vinculados á explotación.

29. No suposto de que a explotación da autorización implique o usos de medios mecánicos no seu ámbito, ou no seu contorno próximo, procederá a aplicación das correspondentes condicións de utilización para aqueles medios indicados nas condicións particulares, así como das condicións particulares que se inclúan no título.

30. Os titulares das autorizacións, para responderen dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, estarán obrigados a concertar un seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil cunha cobertura por sinistro que non excederá 600.000 €, no prazo máximo dun mes contado desde a notificación da resolución de autorización, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha copia da póliza e do recibo de pagamento desta.

A contía concreta da cobertura requirida por sinistro especificarase nas condicións particulares da autorización.

A falta de acreditación da póliza no prazo antes sinalado implicará, sen necesidade dun trámite ulterior, a revogación automática da autorización, que quedará condicionada a estes efectos, e a incautación da garantía depositada.

A presentación desta póliza será exixible aínda que o obxecto da autorización consista no manexo en exclusiva de medios mecánicos adscritos ou da propiedade de Portos de Galicia ou doutra Administración que teña competencias na materia.



31. A organización e dirección dos traballos que integran a actividade de posta á disposición e manexo de medios mecánicos como medio auxiliar a actividade autorizada na autorización é responsabilidade exclusiva do titular da autorización, que observará no desenvolvemento das súas actividades todo o que sinala o regulamento do servizo, policía e réxime dos portos, as regras de aplicación previstas na normativa tarifaria vixente, e as normas de explotación e instrucións que, tanto de un modo xeral como específico, dite Portos de Galicia.

32. O persoal que dirixa e execute as operacións de manexo dos medios mecánicos deberá ter perfecto coñecemento das características do traballo que se vao desenvolver, dos elementos que empregue, tanto propios como do porto, e utilizaraos con suxeición a normas estritas de seguridade e contará con habilitación específica para o manexo dos medios mecánicos, requisito este último exixible, se é o caso.

33. Cando o titular da autorización sexa unha persoa xurídica, designará un representante que efectuará os labores de relación ordinaria e de representación ante Portos de Galicia para canto derive da presente concesión.

As empresas autorizadas deberán observar, coa maior escrupulosidade, o regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, así como cantas ordes e instrucións de explotación lles remita Portos de Galicia. Deberán comunicar calquera infracción ou deficiencia que se poida apreciar, así como calquera anomalía ou incidencia que entorpeza o desenvolvemento das operacións portuarias.

34. Sendo a organización e dirección dos traballos obxecto do presente prego de responsabilidade exclusiva da empresa autorizada, esta será tamén responsable, durante a realización das operacións, de todos os equipamentos, elementos ou mercadorías que manipule.

Así mesmo, será responsable de calquera dano ou prexuízo causado a persoas ou cousas, sexan de titularidade pública ou de terceiros, debido ao exercicio da súas actividades, así como ás súas omisións ou negligencias no dito exercicio.

Serán tamén responsables ante Portos de Galicia de calquera avaría, perda ou deterioración que se produza nos equipamentos ou instalacións desta por causa de negligencia, accidente ou inobservancia das regras de seguridade vixentes.

35. As empresas autorizadas poderán utilizar na realización das operacións os medios mecánicos indicados nas condicións particulares deste prego ou aqueles que se incorpo-



ren con posterioridade e sexan autorizados por Portos de Galicia, conforme as condicións que se inclúen a seguir:

a) O uso destes medios mecánicos e, en particular, dos guindastres, non implicará en ningún caso preferencia de atracada nin utilización exclusiva dos peiraos, salvo que forme parte do ámbito concesional autorizado.

b) A empresa autorizada deberá presentar ante Portos de Galicia, previamente á súa entrada en servizo, os certificados de conformidade dos medios mecánicos que se autorizan con base na normativa vixente que sexa de aplicación. En concreto e no que se refire guindastres, achegaranse os certificados correspondentes ás probas das partes de izada, accesorios de manipulación e cargas de proba dos ditos elementos, todo isto para os efectos das homologacións legais que procedan. A presente obriga non alcanzará aos certificados e homologacións iniciais cando se trate de medios mecánicos da propiedade de Portos de Galicia, se se atopan vixentes, pero si a aqueles que se demanden con posterioridade.

c) A empresa autorizada será a responsable de manter os elementos mecánicos en perfectas condicións de utilización, de forma que se garanta a seguridade das operacións. Para tal efecto, deberanse realizar as inspeccións anuais de todos os seus elementos de seguridade, así como do estado da súa estrutura, mecanismos e demais dispositivos, efectuadas por unha entidade independente e debidamente homologada para o medio mecánico e o tipo de actividade de que se trate e deben presentar unha copia delas ante Portos de Galicia.

O deber de conservación de todos os medios mecánicos alcanzará o estado de limpeza, engraxamento e pintura.

36. Os equipamentos e maquinaria que empregue o titular da autorización, tanto se é da súa propiedade como se dispón del por calquera título xurídico de cesión que lle atribúa a súa disposición, deberá cumprir as seguintes condicións:

a) Todos os equipamentos auxiliares de carga como cadeas, ganchos, balancíns, etc., deben ter un certificado de empresa oficial de calidade do seu bo estado e aptitude para traballar coa súa carga normal.

b) O medios mecánicos deberán contar con rodas e pneumáticos para trasladalos e prohíbese o uso de rodas metálicas.



c) As instalacións eléctricas da súa maquinaria deben estar visadas e autorizadas polo órgano competente da Consellería de Industria.

d) Toda a maquinaria debe cumprir a regulamentación vixente sobre seguridade no seu funcionamento e dispoñer de seguro en regra cando este requisito sexa legalmente exigible.

e) A entidade concesionaria queda obrigada a realizar anualmente todas as inspeccións dos elementos dos seus equipamentos e maquinaria que afecten a seguridade deles, conforme o que dispoña a regulamentación vixente. Estas inspeccións serán realizadas por entidades de control debidamente homologadas e o informe do seu resultado remitirase a Portos de Galicia no primeiro mes de cada ano. De non facelo así, Portos de Galicia ordenará a inmediata retirada do servizo da maquinaria e equipamentos que incumpran este requisito.

37. Todo o equipamento de que dispoña o titular da concesión, sexa da súa propiedade, alugado o suxeito a outro réxime de cesión, con inclusión, por tanto, dos medios mecánicos expresamente autorizados e de todo o material auxiliar preciso para o desenvolvemento da actividade, estarán marcados cos nomes, iniciais o distintivos do seu propietario ou usuario e deberán levar nun sitio visible as características de tara e de potencia e capacidade de carga.

Calquera maquinaria ou obxectos que, a xuízo dos responsables técnicos de Portos de Galicia, non se atope nas condicións útiles para o servizo a que se destine, será retirado pola empresa propietaria. De non facelo no prazo que para tal efecto se lle indique, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria da dita retirada a cargo da empresa, sen prexuízo da sanción que proceda, e da posible incoación de expediente de caducidade da autorización.

Portos de Galicia poderá ordenar as reparacións pertinentes da maquinaria se esta, a xuízo de técnicos competentes e por non atoparse en perfectas condicións de utilización, constituíuse un perigo ou molestia para os usuarios do porto; o incumprimento desta condición, sen prexuízo das sancións administrativas que poida levar unidas, poderá motivar a incoación de expediente de caducidade da autorización.

En calquera caso, Portos de Galicia non será responsable da deterioración ou mingua da maquinaria, materiais ou útiles que se atopen na zona de uso da instalación.



38. Toda a maquinaria, equipamentos e o material auxiliar que non se manipulen exclusivamente no ámbito da concesión localizaranse naqueles lugares que figuren expresamente determinados nas condicións particulares da autorización, ou os que, de ser o caso, sexan sinalados con base en criterios de explotación portuaria por Portos de Galicia.

Aqueles equipamentos que se atopen fóra deses lugares poderán ser retirados e trasladados por Portos de Galicia, sendo preciso para a súa devolución o aboamento dos gastos de retirada e traslado, e sen prexuízo doutras consecuencias previstas na normativa de aplicación.

39. Aqueles elementos mecánicos que non se atopen operativos deberán situarse nas zonas de estacionamento que estableza Portos de Galicia. As operacións de mantemento e/ou reparación destes elementos realizaranse nestas zonas, evitando en todo momento que se produzan molestias ou entorpecemento para as operacións portuarias ou para o depósito das mercadorías.

40. O titular da autorización estará obrigado a conservar en bo estado o pavimento e demais elementos de Portos de Galicia situados na zona de uso e movemento dos medios mecánicos, así como velar polas axeitadas condicións de hixiene, limpeza, seguridade e ambiente. Caso de non facelo así, Portos de Galicia poderá ordenar as obras de reparación e conservación que sexan necesarias con cargo ao titular da autorización.

O anterior enténdese sen prexuízo das sancións que poidan corresponder e, se for o caso, da incoación de expediente de caducidade da concesión.

41. A autorización do uso de medios mecánicos no ámbito da autorización implicará a obriga de formalizar a fianza de explotación indicada na condición xeral 13ª cunha contía correspondente co importe anual das taxas que debe aboar o titular, impostos incluídos.

– Condicións particulares.

Ademais das anteriores, serán de aplicación as condicións particulares (incluír as que procedan).

